

**CALENDARIO ACADÉMICO CURSO 2017/2018**

(Consello de Goberno do 27 de abril de 2017)

**1. CURSO ACADÉMICO**

O curso académico 2017/2018 comprenderá desde o 1 de setembro de 2017 ata o 31 de agosto de 2018. Abarcará dous períodos lectivos que se organizan en dous cuadrimestres, conforme se indica no apartado 2 deste calendario. Non será lectivo o mes de agosto, nin os días festivos, nin os períodos sinalados neste calendario para a avaliación.

Consideraranse alumnos do curso académico 2017/2018 aqueles que deban ser avaliados das Prácticas/TFG/TFM en segunda oportunidade, cuxas actas se asinen e entreguen o 25 de setembro de 2018, conforme se establece neste calendario.

**2. PERÍODOS LECTIVOS**

As actividades académicas docentes comprenden os seguintes períodos lectivos:

**Primeiro cuadrimestre:** desde o 11 de setembro ao 22 de decembro de 2017

**Segundo cuadrimestre:** desde o 30 de xaneiro ao 16 de maio de 2018

Co fin de facilitar a planificación docente dos mestrados, e cando non precisen utilizar o período de avaliación, poderán iniciar as súas actividades docentes no mes de outubro e prolongalas ata o 26 de xaneiro. Neste caso o segundo cuadrimestre poderá comezar unha semana máis tarde. Para facer efectiva esta posibilidade os coordinadores dos mestrados deberán poñelo en coñecemento do Servizo de Organización Académica.

**3. AVALIACIÓN****3.1. Graos e Mestrados**

Para a súa avaliación os/as estudantes en cada curso académico terán dereito a dúas oportunidades e o calendario quedará organizado en catro períodos:

Convocatoria	Datas de avaliación	Data límite de sinatura e entrega de actas
<b>Adianto de convocatoria</b>	Do 23 de novembro ao 12 de decembro de 2017	22 de decembro de 2017
<b>Materias do primeiro cuadrimestre</b>	Do 8 ao 26 de xaneiro de 2018	10 de febreiro de 2018
	TFG/ TFM, fixadas polos Centros	9 de marzo de 2018 para as actas do TFG e TFM
<b>Materias do segundo cuadrimestre e anuais</b>	Do 18 de maio ao 8 de xuño de 2018	20 de xuño de 2018
	TFG/ TFM, fixadas polos Centros	4 de xullo de 2018 para as actas do TFG e TFM
<b>2ª oportunidade</b>	Do 28 de xuño ao 17 xullo de 2018 (*)	24 de xullo de 2018
	Prácticas/ TFG/ TFM, fixadas polos Centros	25 de setembro de 2018 para as actas do TFG e TFM

As datas de avaliación correspondentes ao “adianto de convocatoria” serán establecidas polos Centros só no caso de existiren solicitudes.

(\*) Os exames organizaranse de forma que se realicen primeiro aqueles correspondentes ás materias do primeiro cuadrimestre e a continuación os das materias do segundo cuadrimestre.



A matrícula e defensa do TFG e do TFM realizarase conforme ao disposto nos artigos 1º, 2º e 3º da Normativa reguladora da matrícula e defensa do TFG e TFM aprobada polo Consello de Goberno de 19 de decembro de 2013 e as súas posteriores modificacións.

### 3.2. Titulacións da anterior ordenación académica


No ano académico 2017/2018 os alumnos poderán superar só o Proxecto Fin de Carreira nas seguintes titulacións: Enxeñaría en Informática, Arquitectura, Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos, Enxeñaría Naval e Oceánica e Enxeñaría Industrial, conforme se establece na Normativa de xestión académica do citado curso.

As actividades académicas docentes e os exames de todos os plans de estudo interromperanse desde o día 23 de decembro de 2017 ata o día 6 de xaneiro de 2018 (ambos os dous incluídos); os días 12 e 13 de febreiro de 2018 e desde o día 26 de marzo ao día 2 de abril de 2018 (ambos os dous incluídos). Terá carácter festivo o día 29 de xaneiro de 2018 por traslado da festividade de San Tomé de Aquino. Así mesmo, posuirán carácter festivo os días das festas oficiais do Estado, da Comunidade Autónoma e das cidades onde estea cada centro, así como o día da festividade de cada un deles.

Coa finalidade de aproveitar ao máximo os días lectivos, sempre que as festividade da Universidade coincidan en martes ou en xoves celebraranse o luns ou o venres máis próximo; e se cadrasen en mércores trasladaranse ao venres. As que cadren en sábado, domingo ou festivo celebraranse o día anterior ou o seguinte lectivos.

DILIXENCIA para facer constar que o presente documento composto de 2 páxina/s numerada/s e selada/s, foi aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión de data 27 de abril de 2017

O secretario xeral



Asdo. *Carlos Aymerich Cano*